

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 28 DE XULLO DE 2022**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PEREZ RIOLA
CARMELA PRIETO CAL
MAGDALENA PEREZ VILLAR
JESUS ROMERO CARRACELAS
MANUEL MARTINEZ LOPEZ
LUIS RUBIDO RAMONDE
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Escusan a súa asistencia os Concelleiros:
ERMITAS GARCIA RIOS
ESTEBAN BLANCO GARROTE

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VAZQUEZ

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 20:00 horas do día 28 de xullo de 2022, reúnen-se os membros do Concello Pleno arriba relacionados en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz , que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 26.05.2022

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 26.05.2022.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de 26.05.2022 resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REX 3/2022

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 21 de xullo de 2022, que di:

“Vista a proposta de Alcaldía de data 12.07.2022, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos por suministros, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por presentar a factura neste exercicio, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro del Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presupuesto, elévase ao Pleno da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal de data 12/07/2022 polo trámite de facturas e gastos do mandato anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría dun enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que pola urxencia nos gastos se fixeron efectivos.

Por todo iso propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente **REX3-2022**

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 5 rexistros e un importe total de MIL QUINIENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (1.545,93€), nos termos que se detallan a continuación:

Nº RX	Nº FRA	DATA	CIF	NOME	Texto Explicativo	PROG	ECON	IMPORTE TOTAL
F/2022/764	F210106898	25/01/2021	B82844358	CHUBB IBERIA SL	SEGURIDAD ELECTRONICA -- CUOTA ANUAL TARJETA COMUNICACIONES -- PERIODO DEL 01/01/2021 A 31/12/2021 -- CONCELLO DE CEDEIRA	920	21300	130,64 €
F/2022/765	F210106899	25/01/2021	B82844358	CHUBB IBERIA SL	SEGURIDAD ELECTRONICA-- CUOTA SERVICIO MANTENIMIENTO REMOTO-- PERIODO 01/01/2021 A 31/12/2021 -- CONCELLO DE CEDEIRA -	920	21300	96,65 €
F/2022/775	F210106897	25/01/2021	B82844358	CHUBB IBERIA SL	SEGURIDAD ELECTRONICA-- CUOTA ANUAL CONEXION CRA -- CONCELLO DE CEDEIRA-- C/ REAL, 15, 15350	920	21300	278,43 €

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

F/2022/1040	FE21321362786968	03/08/2021	A08431090	NATURGY IBERIA	ALUGAMENTO DE CONTADOR (CUPS ES0022000008005537SY1P Direccion PS CASTELAO,92 15350 CEDEIRA) / ALUGAMENTO DE CONTADOR (165	22100	416,47 €	
F/2022/1419	FE22137000105302	06/01/2022	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso - P1 (3.3 kW * 38.043426 Eur/kW y año * (8/365) días) / Margen de comercialización fijo (920	22100	623,74 €	
							TOTAL		1.545,93 €

Terceiro.-Recoñecer e liquidar a obriga correspondente, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización das facturas correspondentes ao recoñecemento extraxudicial de créditos REX3-2022. Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e tres (3) abstencións do PP (2) e do BNG (1), acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por seis (6) votos a favor do PSdeG-PSOE e cinco (5) abstencións, do PP (3) e do BNG (2), ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN POS+ADICIONAL 2/2022-FASE 2 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 21 de xullo de 2022, que di:

“Vista a proposta de Alcaldía de data 15.07.2022, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN POS+ADICIONAL 2/2022-FASE 2 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Con data de maio de 2022 recibíuse do Servizo de Xestión de Plans da Excma. Deputación Provincial unha circular sobre a aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+2022 para regular o POS+ADICIONAL 2/2022, e corresponde ao Concello de Cedeira a cantidade de 409.547,40 €.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 296 /2022 de 8 de xuño foi solicitada a participación no POS+ADICIONAL 2/2022, e foron incluídos investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan complementario ao POS+2022 polo importe total de 272.419,52 €.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Na segunda fase deste POS+ADICIONAL 2/202 o Concello pretende incluír o importe restante non aplicado a investimentos, a gastos correntes de servizos públicos obrigatorios devengados no ano 2022.

Por isto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	137.127,88 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
--------------------------------	------------

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	
--	--

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello		Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	
Gastos correntes servizos obrigatorios	137.127,88			137.127,88
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+2022	0,00	0,00		0,00
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+2022	0,00	0,00		0,00
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00			0,00
TOTAL	137.127,88			137.127,88

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e tres (3) abstencións do PP (2) e do BNG (1), acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Xa sabedes que no POS complementario o diñeiro que se da é para investimentos financeiramente sostibles pero este ano, non sei se xa o expliquei nalgunha Comisión Informativa, meteron unha cláusula que tamén se pode destinar a gastos correntes para gastos derivados de subidas do combustible, da electricidade e todo iso.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 296/2022 DE DATA 08.06.2022 – CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA MAIOR ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADICIONAL 2/2022

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 21 de xullo de 2022, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 296/2022 de data 08.06.2022, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA MAIOR ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADICIONAL 2/2022

Con data de maio de 2022 recibíuse do Servizo de Xestión de Plans da Excm. Deputación Provincial unha circular sobre a aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+2022 para regular o POS+ADICIONAL 2/2022, e corresponde ao Concello de Cedeira a cantidade de 409.547,40 €.

Por isto, **RESOLVO:**

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
CUBRICIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA FLOREAL	77.956,09	0,00		0,00	77.956,09
MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS VIVEIRO E CERDIDO	41.951,62	0,00		0,00	41.951,62
MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA	67.845,69	0,00		0,00	67.845,69

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

MEDIADORA					
RENOVACIÓN DO ALUMADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO	84.666,12	0,00		0,00	84.666,12
TOTAL	272.419,52	0,00		0,00	272.419,52

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2022, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

3.- Ratificar o presente Decreto polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE e tres (3) abstencións do PP (2) e do BNG (1), acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 296/2022 de data 08.06.2022.”

Aberto o turno de intervencións. A Sra. Rodríguez Pérez di: Nós estamos a favor das obras que se sinalan, menos, xa o dixemos no outro Pleno, o tema da cubrición do parque Floreal. Entón, votariamos a favor, pero como temos que votar todo o conxunto, ímonos abster. Tampouco imos votar en contra.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pásanos o mesmo. Eu creo que vai estropear a estética da praza. Ou ides facer alí unha cubrición romántica do século XIX que sería custosísima. Nós non vemos a necesidade, 70.000 euros poderían ter mellor destino. Incluso por concorrencia, no día a día tampouco se ven tantos pequenos alí.

O Sr. Alcalde di: Xa no anterior mandato, non sei se recordades, unha das ideas que había era a cubrición do parque de San Isidro, pero non sei se recordades que era un parque moi complexo polo temas dos ventos. Son demandas que sempre hai, ata onde é necesidade? Pois non o sei. Nosoutros levámolo no programa electoral, é un espazo onde os pais poden estar nun local de hostalería e un pouco resgardada, que está céntrica, preto do auditorio e esa foi a motivación. Cremos que pode funcionar e que vai a funcionar. Eu o comento por outros sitios nos que os vin. A cuberta é sinxela, o que si que hai que facer unha cimentación que é realmente o que ten ese sobrecuste. Non perxudica a función da praza en si que é un sitio onde caben eventos culturais de todo tipo, deportivos coas pistas de baloncesto e darlle ese toque.. tamén pensamos que ás terrazas que hai alí ó lado, cal luce máis? Igual o que si se tiña que regular é o das terrazas; unificar terrazas, cores de toldos...

A Sra. López Rodríguez di: O que se lles está prohibindo é facer unha terraza montada que daba mellor impresión que as que están agora. Porque as que están agora, tanto as dun local coma outro, son toldos. Efectivamente xa sei que non hai unha ordenanza para iso, pero mandarlles quitar o que tiñan montado...

O Sr. Alcalde di: Pero nosoutros non lles mandamos.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Foi con motivo da obra.

A Sra. López Rodríguez di: Seino. Eu dígoo porque os dos locais comentáronmo o outro día.

O Sr. Rubido Ramonde di: Que habería que regular a maneira de expandirse os bares na zona peonil? Obviamente. Pagando taxas, non vai a ser gratis. Igual tiña éxito.

A Sra. Rodríguez Pérez di: En moitas localidades si que hai un regulamento que é lóxico que o haxa.

O Sr. Alcalde di: Lóxico e necesario.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Lóxico e necesario. Respecto á parte estética e demais. É complicado, non é fácil facelo.

O Sr. Alcalde di: Eu non sei se se pode facer por fases. Primeiro regulas uns espazos que podan resultar máis sinxelos e logo outros, é dicir, a praza Roxa, a praza do Floreal, as que están na estrada, esas son máis sinxelas que as que están na propia beirarrúa.

A Sra. Prieto Cal di: Esas xa incumpren.

O Sr. Alcalde di: Claro. É que realmente ese é o problema, incumpren porque colócanse as cadeiras pegadas ás paredes, que non se pode. É que non sei se se pode, facer primeiro na parte máis sinxela. Sóame que tiñamos unha proposta do anterior mandato feita.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A min sóame que algo se mirara.

O Sr. Alcalde di: Pois igual había que traela un día ó Pleno e falalo entre todos: unificar cores, tamén estaría moi ben, os toldos. Eu imaxino a praza Roxa cos toldos da mesma cor e as terrazas todas iguais e creo que sería un espazo fantástico

O Sr. Rubido Ramonde di: Con respecto a iso, facer cumprir tamén as ordenanzas que xa existen. Hai taxis de todas as cores, os taxis tiñan que ser todos brancos.

A Sra. Prieto Cal di: Os taxis tiñan que ser todos brancos?

O Sr. Rubido Ramonde di: Si, está na ordenanza. Nun tempo deuse liberdade e cada un dunha cor. É unha forma do usuario de identificar se é un taxi ou un particular.

O Sr. Alcalde di: Bueno, pola matrícula.

O Sr. Martínez López di: Son azuis agora as de atrás, non?

O Sr. Alcalde di: Si, son azuis.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por seis (6) votos a favor do PSdeG-PSOE e cinco (5) abstencións, do PP (3) e do BNG (2), ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 296/2022 de data 08.06.2022.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
000259/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-33
000260/2022	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR TRAS A ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS DO ANO 2021
000261/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ORDENACIÓN DO USO DA VÍA FERRATA SENDA DO SANTO
000262/2022	APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA PARA O ANO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORABILIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.
000263/2022	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2-FINAL DA OBRA DE NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AMOR HERMOSO
000264/2022	CONTRATACIÓN DE CINCO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
000265/2022	NÓMINA MAIO DE 2022
000266/2022	APROBACION TAXA PUBLICACION ANUNCION DOGA OEP EXTRAORDINARIA 2022
000267/2022	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR CATRO PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
000268/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 30 UDS. DE PAPELEIRAS PARA VÍAS PÚBLICAS
000269/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 150 ASIENTOS CON RESPALDO PARA AS GRADAS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO BECO
000270/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MARCADOR DIXITAL PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO BECO
000271/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE DOUS DESFIBRILADORES PARA LOCAIS MUNICIPAIS
000272/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-34
000273/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DESEÑO E CREACIÓN DE PÁXINA WEB. PROGRAMA EMPRENDE PESCA (GALP1-182) - ANUALIDADE 2022
000274/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE EXECUCIÓN DE CUBERTA DE ENTRADA ÁS PISTAS DE PADEL
000275/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE ANA SANTALLA MOURENTE
000276/2022	ANULADO - CONTÉN ERRO DE TRANSCRICION
000277/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE IMPRESIÓN DE SOPORTES PROMOCIONAIS. PROGRAMA EMPRENDE PESCA (GALP1-182) ANUALIDADE 2022
000278/2022	CADUCIDADE E BAIXA DE ESTRANXEIROS NON COMUNITARIOS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES (INE 111)
000279/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ZONA DE ESTACIONAMENTO EN PARCELA MUNICIPAL NO ENTORNO DO CAMPO DE FÚTBOL
000280/2022	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P.O. 75/2022 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI, S. L. CONTRA O

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	CONCELLO DE CEDEIRA
000281/2022	DESIGNACIÓN DE ABOGADO NO P.O. 72/2022 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI, S. L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000282/2022	DESIGNACIÓN DE PROCURADOR NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 47/2018, Dª MARÍA BELÉN LAMAS PARDO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000283/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE POSTES DE FORMIGÓN PARA MANTENIMENTO ELÉCTRICO
000284/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA 2022 POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN.
000285/2022	MODIFICACIÓN DO DECRETO DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA PARA O ANO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORABILIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, POR ADVERIR ERROS NA DENOMINACIÓN DALGUNHAS PRAZAS
000286/2022	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS PARA A SELECCIÓN DE PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO CONCELLO DE CEDEIRA. PEL CONCELLOS 2022
000287/2022	CONCESIÓN EXCEDENCIA A FUNCIONARIA EVA PALMERO ANEIROS PARA O COIDADADO DA SUA FILLA CON EFECTOS DO 15 DE XUÑO DE 2022
000288/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE PECHE PERIMETRAL NO PARQUE INFANTIL DA PRAZA FLOREAL
000289/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPARACIÓN DO ACCESO A CALEXA DAS FORXAS
000290/2022	APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO DE VERÁN 2022
000291/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE REPARACIÓN DOS CONDUCTOS DE VENTILACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL
000292/2022	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA, NOMEAMENTO DE COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DUN PEÓN PARA LIMPEZA DE MONTES-APROL 2022
000293/2022	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000294/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE LUMINARIAS PARA A EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DE FERNANDO LAGO -CARBALLO E VILACACÍN- E NO ESPÍÑO
000295/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-35
000296/2022	CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA MAIOR ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADICIONAL 2-2022
000297/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE EXECUCIÓN DUN MURO DE FORMIGÓN E PAVIMENTO DE FORMIGÓN SEMIPULIDO NO PERÍMETRO EXTERIOR DO ESCOLAR DE SAN ROMÁN
000298/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MAIO DE 2022
000299/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ILUMINACIÓN E SON PARA O CONCERTO DE TANXUGUEIRAS
000300/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000301/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000302/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO)
000303/2022	MODIFICACIÓN DATA DE FINALIZACIÓN DO NOMEAMENTO DE DONA MARÍA ÁNGELA FORTUNA LÓPEZ COMO FUNCIONARIA INTERINA COA CATEGORIA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA PARA SUBSTITUCIÓN DE DONA EVA PALMERO ANEIROS POR BAIXA POR MATERNIDADE.
000304/2022	NÓMINA EXTRAORDINARIA DE XUÑO DE 2022
000305/2022	NOMEAMENTO DE SUPLENTE NA PRESIDENCIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN PEÓN PARA LIMPEZA DE MONTES - APROL 2022
000306/2022	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.O. 75/2022 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI, S. L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000307/2022	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.O. 72/2022 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI, S. L.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000308/2022	APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-36 SU ELECTRICO
000309/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-37
000310/2022	REMISION DA OFERTA DE EMPREGO AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA 2022
000311/2022	NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO PARA A COMISIÓN DE SELECCIÓN DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA 2022
000312/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000026031 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000313/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE LUMINARIAS PARA A EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DE ACEA, ARRIBA DA PONTE E CENTRO-AREA
000314/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE LONAS PARA BANQUILLOS DO CAMPO DE FÚTBOL E PARA LATERAIS PISTAS DE PADEL
000315/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ALUGUER, MONTAXE E DESMONTAXE DE ESCENARIO MÓBIL PARA EVENTO DISCALZOS
000316/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO)
000317/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN DE LIMPEZA DE MONTES PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2022)
000318/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO F-2022-1395 SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU
000319/2022	DECRETO PADRONS FISCAIS
000320/2022	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000321/2022	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS 2022
000322/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022.39 SEGUROS
000323/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-40
000324/2022	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000325/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN OPERARIO - CONDUTOR A XORNADA COMPLETA DURANTE 180 DÍAS.
000326/2022	ACEPTACIÓN DESISTIMIENTO PRESENTADO POR D. JARROD DAVID BREEN (EXPTE. 2021/U022/000003)
000327/2022	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE 22.06.2022
000328/2022	MC 14 2022 XC 06 2022
000329/2022	CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA. ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO BROKEN PEACH NAS FESTAS PATRONAIS
000330/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ALUGUER DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN E SON PARA AS FESTAS PATRONAIS
000331/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE DISCO MÓBIL CDC PARA FESTAS PATRONAIS
000332/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ALUGUER, MONTAXE E DESMONTAXE DE ESCENARIOS MÓBILES PARA FESTAS PATRONAIS
000333/2022	LICENZA DE PARCELACIÓN (EXPTE 2021/U018/000004)
000334/2022	PROPOSTA APROBACION FACTURAS SUBVENCION PACTO
000335/2022	DECRETO DO HORARIO DO PERSOAL DO CONCELLO DE CEDEIRA
000336/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DONA MARÍA SOL PICOS LÓPEZ PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA MERCEDES LUACES REY
000337/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-41
000338/2022	LICENZA DE EDIFICACIÓN 2021/U022/000015
000339/2022	CONCESIÓN DUN ANTICIPO DE DUAS MENSUALIDADES BRUTAS A DONA JOSEFA PIÑON PRIETO

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000340/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-43
000341/2022	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS
000342/2022	APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022
000343/2022	APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MC 15 2022 XC 07 2022
000344/2022	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS A FUNCIONARIA INTERINA DONA SOFIA MESIA FRAGA
000345/2022	NOMINA XUÑO 2022
000346/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MOBILIARIO PARA O EDIFICIO MUNICIPAL DENOMINADO "PAZO MOSCOSO"
000347/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE MAN DE OBRA PARA A MONTAXE E COLOCACIÓN DE MOBILIARIO NO EDIFICIO "PAZO MOSCOSO", ANULADO MEDIANTE RESOLUCIÓN 355-2022 DE 01.07.2022
000348/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA PARA AS DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS DO "PAZO MOSCOSO"
000349/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO, CONFECCIÓN E COLOCACIÓN DE CORTINAS NO EDIFICIO DENOMINADO "PAZO MOSCOSO"
000350/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA 2022 POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN.
000351/2022	CONTRATACION DE DOUS TECNICOS/AS DE TURISMO AO ABEIRO DA SUBVENCION DA DEPUTACION DA CORUÑA PARA PERSOAL DE OFICINAS DE TURISMO 2022
000352/2022	PROPOSTA APROBACION DE FACTURAS F-2022-44 SU ELECTRICO
000353/2022	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 06.07.2022
000354/2022	CONTRATACIÓN DE TRES TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS COA OCUPACIÓN DE BAÑISTAS - SOCORRISTAS POR UN PERÍODO DE DOUS MESES PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS 2022.
000355/2022	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 347 DE 29.06.2022 - SERVIZO DE MAN DE OBRA PARA A MONTAXE E COLOCACIÓN DE MOBILIARIO NO EDIFICIO "PAZO MOSCOSO"
000356/2022	CONTRATACION DE TRES PEÑONS/PEONAS E DOUS/DUAS LIMPADORES/AS PARA FOMENTO DE EMPREGO DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA 2022. SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA EXP. TR351F 2022-000034-1.
000357/2022	CONTRATACION DE CATRO PEONS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PROGRAMA PEL-CONCELLOS REACTIVA 2022.
000358/2022	CONCESIÓN PERMISO SIN SUELDO A FUNCIONARIA DE CARREIRA DONA ELENA PAZOS VILELA
000359/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPOSICIÓN DE CANALIZACIÓNS ELÉCTRICAS E REPOSICIÓN DO FIRME PEONIL NA RÚA VILLA MÉJICO, NO PARQUE FLOREAL E NA VÍA DE ACCESO A ESTE ÚLTIMO
000360/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000026199 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000361/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-45
000362/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE PASAMANS DE FERRO FUNDIDO NO MURETE DO PATIO EXTERIOR DO EDIFICIO DENOMINADO "PAZO MOSCOSO"
000363/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ILUMINACIÓN E SON PARA EVENTO "DISCALZOS POLO FESTIVAL"
000364/2022	NOMEAMENTO DE DONA MARIA DE LOS ANGELES PEREZ NOVAS COMO AUXILIAR ADMINISTRATIVA PARA OCUPAR DE FORMA INTERINA A PRAZA NOS SERVIZOS XERAIS DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE CEDEIRA QUE FIGURA CO CÓDIGO 15022AXAD-02 POR GOZE DE PERMISO SEN SOLD E VACACIÓNS DA TITULAR DA MESMA.
000365/2022	CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO DO ALUMNO ALBERTO CARLOS BELLÓN VILLASUSO
000366/2022	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO I CERTAME DE GRUPOS LOCAIS
000367/2022	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL PARA OS DÍAS 12 A 29 DE XULLO DE 2022 POLA AUSENCIA DE Mª YOLANDA ARES BAO

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000368/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA
000369/2022	RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA AO DECRETO 368-2022 DE 11 DE XULLO POR OMISIÓN DE AVOCACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA
000370/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000026264 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000371/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN RÓTULO EN LETRAS CORPÓREAS DO CONCELLO DE CEDEIRA + LOGO
000372/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-47
000373/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2022-1742 SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS
000374/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE ILUMINACIÓN PARA O AUDITORIO MUNICIPAL
000375/2022	MODIFICACIÓN DECRETO DE CONTRATACION DE CATRO PEONS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVICIOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PROGRAMA PEL-CONCELLOS REACTIVA 2022.
000376/2022	PROPOSTA APROBACION FRAS SU ELECTRICO F-2022-50
000377/2022	DESIGNACIÓN DE ABOGADO NO P.O. 166/2022 DE Dª MARIA CARMEN PEREZ ARRIVI CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS
000378/2022	CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS AO ABEIRO DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2022
000379/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000380/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-49
000381/2022	SERVICIOS SOCIAIS PARA RECARGA TARXETAS TRANSPORTE METROPOLITANO
000382/2022	MODELOS AEAT 111 E 303 DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2022
000383/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XUÑO DE 2022
000384/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000026319 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000385/2022	APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2022-51 SU ELECTRICO GNC
000386/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2022-52
000387/2022	APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MC 16 2022 XC 08 2022
000388/2022	RECLAMACIÓN DE LA TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL POR DIFERENCIAS, ERRORES MAT. O DE CALCULO PERÍODO 12/2018 - 12/2018
000389/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-53

O Pleno da Corporación queda enterado.

6. MOCIONES DE URXENCIA

Pola Presidencia preguntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, a Sra. Rodríguez Pérez di: Todo o que vou falar é sobre Punta Sarridal. Creo que os resultados son espectaculares cada vez que se fai unha intervención. Agradezo, xa a nivel persoal, que se siga co tema e espero que calquera Goberno sexa o que sexa, que continúe co grandísimo traballo que se está facendo. Dende o BNG todo o noso apoio e, a nivel

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

persoal, xa o sabedes, tamén. Creo que foi onte o último día que estiveren alí. Toda a parte que se está traballando agora, que xa a vin, sabedes que continúa por debaixo do camiño

O Sr. Alcalde di. Si.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Continúa por debaixo clarisimamente e ademais hai un muro da época romana. O tema é, xa o falamos o ano pasado con Emilio e outros arqueólogos, a posibilidade de quitar un pedazo de ese camiño e poñer un tipo pasarela ou ponte, algo que quedara por encima das estruturas e que se viran as estruturas por debaixo. Podería quedar moi ben a nivel estético, práctico e funcional. Por outro lado, falamos Emilio e eu varias veces, o outro día o encargado da obra da Cetárea, por certo, creo que ao parecer hai polémica no Facebook, a min encántame o da Cetárea.

O Sr. Alcalde di: A min tamén.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Gustoume moitísimo. Unha cousa, fago un inciso, un problemíña que lle vexo así a priori, o tema das papeleiras. Por agora están recén postas, e ten que ter papeleiras evidentemente, pero despois hai que recollelas. Senón pasa o típico, ves o sitio precioso, porque para min está precioso, pero... Ó que ía, o encargado da obra comentou que había cartos desa obra de Costas para o tema dos accesos á actuación. Eu non falei directamente con el, isto contáronmo. Este encargado, que ademais é un amante da arqueoloxía, comentaba que unha ponte ou pasarela podía facer, que non era caro e que podía haber cartos no mesmo proxecto. Foi o que lle dixi, eu non o sei, que podía haber cartos no mesmo proxecto para financeiro, o cal me parece moi boa idea. Non sei cómo o vedes.

O Sr. Alcalde di: En primeiro lugar, agradecervos a todos e dicir que o compromiso que ten este grupo de goberno e o mesmo que tivo o anterior, e seguro que o seguinte grupo de goberno que haxa aquí vai ter un compromiso co noso patrimonio e vai ser unha das prioridades que teña calquera grupo de goberno de Cedeira. A nivel persoal, xa sabes que agradecemos moitísimo o teu traballo como arqueóloga e todo o que fixeches dende o primeiro momento e a túa predisposición. Xa non falo como Concelleira, senón a nivel persoal. No meu caso, que non tiña nin idea, agora entendo un pouquiño polo menos e é algo fascinante. Si que é verdade que aí pide facer unha ponte. Eu recordo que o ano pasado, cando se levantou o foso, había unha especie de pedra ou algo así que había que ter coidado con ela. Creo que temos que adquirir o compromiso dende o grupo de goberno de poñer a ponte. O encargado seguro que falou con toda a súa sinceridade, pero xa sabemos como son as obras. Ti cando sacas a licitación dunha obra vai cunhas unidades determinadas, entón sacar unha unidade e cambiala por outra non sei se se pode facer. Ímolo intentar, falaremos con Director Xeral de Costas.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu no que vos poida axudar nese sentido...

O Sr. Alcalde di: Falaremos con eles. Eu creo que é totalmente necesario, seguir adquirindo terreos alí e facer unha península fermosa. Agora estamos buscando o tema da capela.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Da casa capela.

O Sr. Alcalde di: É o que imos facer cando sexa seguinte intervención, estivemos falando con Rafael, Calel, e a ver se hai sorte.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Alí hai algo. Estamos falando de onde acaba o camiño, á dereita, que se ve un pouco máis elevado.

O Sr. Alcalde di: Si, onde están os bancos, alí, á dereita, na parte máis alta.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Alí hai algo, fixo, restos ten que haber porque nótase. Hai que facer unha cata aí para ver qué pode haber e que non.

O Sr. Alcalde di: Si, iso hai que facelo. E no tema das papeleiras tes toda a razón. Non vale de nada poñelas se non se van a limpar, sobre todo en San Antón e nestes sitios. Ben sabedes que o día a día te come e non te acordas. Non vale de nada telas se non se van a limpar.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Acaban dando mala imaxe.

O Sr. Alcalde di: Iso, así aínda é peor unha papeleira chea que teña lixo ó lado.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Tal e como está agora mesmo o tema do Sarridal, o Castelo, creo que merecen iso, coidado, mantemento do que faga falta, a nivel de limpeza e demais. Tema Castelo, estiven o outro día con Carmela que moi amablemente estívome ensinando.

A Sra. Prieto Cal di: Grazas.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Xa llo comentei a ela, pero quero dicilo tamén no Pleno porque creo que imos estar todos e todas de acordo, o tema da donación das pezas de Usero eu penso que o sitio ideal para poñelo é un dos cuartos que quedou como máis desanxelado. Creo que é o sitio ideal para poñelo e tamén Emilio. Revisamos a doazón que fixo cando queirades, sen ningún problema.

O Sr. Alcalde di: Refíreste a toda?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Seleccionade e que non sei o que ten.

O Sr. Alcalde di: É que é moito o que ten. A min paréceme unha idea moi boa, supoño que vai saír máis no castro porque temos que separalo. É unha idea boa, pero creo que o espazo que se lle ía adicar no Palacete era máis grande.

A Sra. Prieto Cal di: Hoxe Ermitas non está e habería que falar con ela e con Usero tamén. Creo que el manifestou que quería que estiveran alí.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A idea do Palacete foi miña porque tal e como estaba o Castelo antes, tal e como está organizada a parte expositiva, a Usero díxenlle eu de facelo no Palacete e a Breixo. Naquel momento, o Castelo non era o sitio para metelo, pero agora mesmo, que está reorganizado e posto doutra maneira, no Palacete non pintan nada. Quero dicir, cando tes un Castelo no que tes un centro de interpretación, todos os restos que vaian aparecendo neste pobo non ten obxecto ter unha exposición no Palacete relacionada con elementos arqueolóxicos cando xa a tes alí arriba, para min.

O Sr. Alcalde di: Si, sobre todo o que teña que ver con restos arqueolóxicos

A Sra. Prieto Cal di: Aparte, hai unha zona expresamente habilitada que xa estaba deseñada nun principio e é acorde, a primeira sala.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Iso é. Efectivamente.

O Sr. Alcalde di: É a primeira, a das escaleiras.

A Sra. Prieto Cal di: A primeira de todo que hai alí unha pedra, que lle falta a vitrina, esa sala non tiña deseño para ter vitrina.

O Sr. Alcalde di: Ah, onde estaban antes as bolas.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Está pensada para arqueoloxía cedeiresa.

A Sra. Prieto Cal di: Efectivamente, está pensada para arqueoloxía. Podería expoñerse alí. Habería que refalalo. A min paréceme ben.

O Sr. Alcalde di: A min paréceme boa idea. Hai que falar primeiro con eles dous.

O Sr. Rubido Ramonde di: Tampouco se pode amontonar todo nun espazo. No tema museístico a separación do espazo é moi importante. A miña idea é diversificar. Así tamén vai ter máis acceso todo o ano dependendo de se hai subvención ou de quen está alí. Se a doazón é de bastante cantidade eu penso que sería máis correcto no Palacete.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu non o vexo así para nada porque me parece duplicar espazos coa mesma exposición ou moi similar cando non é necesario, pero aparte diso, eu non sei, non as vin. Non sei todas as pezas que ten Usero nin como son, nin como están, non o sei. Que me digas que nun primeiro momento se poderían poñer no Palacete que está como está... Así que olliño con meter xente no Palacete.

O Sr. Alcalde di: Unha das actuacións que se meteu no tema do DUS 5000 - tivemos un requirimento e xa se presentou toda a documentación - foi de investimentos financeiramente sostibles, neste caso do Auditorio. Si que é verdade que o Palacete, no que é a parte de cimentación e da planta baixa, precisa dunha reforma moi completa antes de que sexa algo máis. Chega un momento no que as reparacións non levan a ningún lado. E despois, en relación coas pezas de madeira de Usero, creo que se lles fixo ou está a punto de facerse un contrato menor para Antón, o que ten a carpintería no Beco, que vai a restauralas. Non sei exactamente cales son.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non todas as pezas que ten Usero son pezas arqueolóxicas nin serven para meter nunha exposición adicada á arqueoloxía.

O Sr. Alcalde di: Claro.

A Sra. Rodríguez Pérez di: E dígoo pensando precisamente nas pezas estas que falamos. As pezas de madeira non son pezas arqueolóxicas, nin valen para meter no Castelo tal e como está hoxe, para nada. Eu falo de restos que tiña el relacionados con xacementos arqueolóxicos. Luís, neste caso, amontoamento non é posible. Acércate calquera día ao Castelo. Tedes aberto, non?

A Sra. Prieto Cal di: Si, polas mañás, de momento.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pois acércate calquera día ao Castelo e ves os restos que hai expostos da escavación. Fan moita falta os que hai. Non hai acumulación para nada.

O Sr. Alcalde di: O único o tesouro que ten Carlos é a moeda que se mandou restaurar, vale bastante diñeiro.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Para eses temas existen as copias.

A Sra. Prieto Cal di: A min paréceme menos seguro o Palacete por razóns obvias.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A min tamén.

O Sr. Alcalde di: A min parécenme pouco seguros calquera dos dous.

A Sra. Rodríguez Pérez di: En casos así,ponse copia. En moitos museos hai copias. No caso das moedas de Breixo, por exemplo, dame igual onde se plantexe expoñelas. Ó mellor habería que recollelas cada día. Poden roubar ou non roubar. É moi difícil de prever. Eses eran os rogos. A Punta Sarridal é un espazo impresionante, así que coidádeo e facede un bo mantemento. En relación co tema museo, eu non teño memoria ningunha e non recordo, o tema do *merchandising*?

A Sra. Prieto Cal di: No sei se é posible a nivel administrativo. Non sei que posibilidades existen ou como habería que facelo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A min paréceme algo moi atractivo. Eu sempre vou ás tendas dos museos e faino moita xente. Sempre gusta levar un recordo. Hai miles de cousas, dende postais ata miles de cousas, incluso libros.

O Sr. Alcalde di: Pode valorarse.

A Sra. Secretaria di: Si, hai que miralo.

O Sr. Interventor di: Se se quere vender,ponse un prezo público que cubra o custo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Sen gañarlle moito, pero que axude ó mantemento do Castelo, á limpeza, por exemplo. Iso por un lado, estaba pensando tamén en publicacións. Rafa Calel pasoume un relato que fixo dun naufraxio e a verdade é que ten moi boa pinta e pensei que pode estar relacionado co Castelo. Non habería algunha forma de telo á venda co *merchandising*? O tema de publicar libros por parte dos concellos, como vai?

O Sr. Alcalde di: Estamos traballando nunha ordenanza porque unha cousa é publicar un libro que sexa para o Concello, como o que estás a falar, e outra é que sexa unha asociación ou alguén que queira publicar un libro. Tampouco imos dicir a ti si, a ti non. Hai que ser un pouco obxectivos. Estamos traballando en facer unha ordenanza para que se poida maquetar o libro e o que é toda esa labor para ter un criterio á hora de decidir. Facer unha convocatoria de traballos sobre Cedeira cada ano para que se presente a xente que queira.

A Sra. Rodríguez Pérez: Habendo diñeiro, paréceme algo interesante para investir e para facelo máis atractivo aínda do que xa é. Xa o era antes, o Castelo en si sempre tivo moita atracción. O

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

tema que parece unha tontería, pero non o é, o ter exposta alí a réplica dunha moeda, son cousas que atraen. E ao mellor unha publicación tamén, non estaría nada mal.

O Sr. Alcalde di: Nós na publicación que estamos traballando é no libro das mámoas, na actualización do libro.

A Sra. Rodríguez Pérez: Si, xa o sei. Pero iso é normal porque son xacementos.

O Sr. Alcalde di: Pero esa sería unha publicación do propio Concello.

A Sra. Rodríguez Pérez: Iso paréceme fundamental. E Luís Rubido ten razón co da ponte de madeira. Fun a mirar o outro día a propósito.

O Sr. Alcalde di: Si, si. A ponte de madeira si que é verdade que ten un deterioro moi grande. Manolo lévamo dicindo dende fai uns meses. Son unha persoa que pasea moito por alí e si que é verdade que cando vin as declaracións de Luís que saíron na prensa, fomos por alí a ver e si que é verdade que está moi deteriorada. Hai unha zona, cruzando dende Cedeira hacia Piñeiro, hacia a rúa Ortigueira, á man dereita, creo que foi restaurada, non sei en que ano, igual Luís sábeo. Vese que as táboas son diferentes ás do outro lado, están moito mellor.

O Sr. Rubido Ramonde di: A última intervención foi no 14.

O Sr. Alcalde di: No 14. O que temos é un orzamento. O Sr. Interventor estivo buscando crédito por todos lados porque non o tiñamos orzamentado. Vaise facer intervención nas táboas que están en mal estado polas dúas caras exteriores, toda a parte que está danada da parte esquerda e incluso vaise reforzar a balastrada de arriba que está mal. Manolo sempre me di que vai ir á Deputación porque fíxoo a Deputación.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu creo que foi a Xunta de Medio Ambiente

O Sr. Alcalde di: Que o paguen ao 50%, a nosoutros válenos, que o amañen entre eles. Entre as casetas onde están os parrulos hai una tarima cunha especie de mirador, esa tarima tamén hai que cambiala.

O Sr. Rubido Ramonde di: O muelle.

A Sra. Rodríguez Pérez di: O tema da madeira é así, deteriórase. Outra cousa, o firme da praza Roxa.

O Sr. Alcalde di: A obra está en garantía. O que se fixo foi como unha bolsa de aire, estamos pendentes de que veña o director da obra. Non se meteu todo o material nese espazo, e eu estiven mirando e é oco. O aglomerado fixo unha bolsa e eu imaxino que co movemento se movería. O que imos pedir é un informe ó redactor do proxecto, ó que fixo a dirección da obra e mandarlle á empresa para que o repare porque está coa garantía.

A Sra. López Rodríguez di: Hai que redondear o tema dos maceteiros onde están as árbores

O Sr. Alcalde di: Eu creo que xa se pasou.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. López Rodríguez di: Eu estiven o outro día, agora están os cabaliños. Como se dean os nenos imos ter un susto moi grande.

O Sr. Alcalde di: Manolo, apunta e faino.

A Sra. López Rodríguez di: Falouse que se ía facer máis redondo e está igual.

O Sr. Alcalde di: Aí foi cando metemos o formigón impreso. O que ía no proxecto que era o aro vermello, despois démonos conta de que a parte que estaba de plaqueta está totalmente destrozada. Entre querer acabar, porque a xente dos locais xa nos estaba presionando, e coa serie, que estivo a obra parada, despois choveu...pero si, hai que miralo.

A Sra. López Rodríguez di: Iso hai que miralo. Agora andan nos patinetes estes...

O Sr. Alcalde di: Co tema dos patíns de motor falamos coa Policía Local para que lles limitase a velocidade porque ían moi rápido. Creo que houbo un accidente cun neno.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Levo todos os sábados ó meu sobriño-neto e teñen para regular.

O Sr. Alcalde di: Si, pero os nenos danlle ó botón co dedo e...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu rematei.

O Sr. Rubido Ramonde di: Qué pasa co escudo de Cedeira? Estádelo ocultando? Agora non aparece o escudo na cartelería. Agora hai un anagrama, un arenque que atractivo non ten ningún.

O Sr. Alcalde di: No seu momento fíxose un traballo para ter unha marca corporativa. A marca corporativa define o que é a identidade galega coa tipografía das letras e despois co anagrama do peixe de Santo André. Traballouse bastante, había varias posibilidades e foi a que máis nos gustou. O que fixemos foi o que están facendo todos os concellos. É unha marca turística, corporativa e logo está a parte institucional que ten que levar o logo do concello. Tamén traballamos no logo porque había papeis con logos de diferentes tipos. Co tema da marca corporativa, todos os concellos teñen. Valdoviño creo que teñen tres cores nas letras. Eu creo que foi un traballo grande, a tipografía é moi galega e o peixe de Santo André. Para gustos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Había que actualizar, non?

O Sr. Rubido Ramonde di: A min non me parece, pero bueno. En canto aos murais, canto custou o mural da redeira?

O Sr. Alcalde di: Foi o resultado do concurso que fixo o concello. Parecido ao de Carballo, que foi pioneiro no tema dos murais, non temos a capacidade económica que ten Carballo porque é un pobo moito máis grande. O que se quixo foi sacar unha convocatoria para murais e o que se fixo o ano pasado foi sacar unha convocatoria para facer un mural, era de 2.500 euros, o concello poñía ese diñeiro no mural.

O Sr. Rubido Ramonde: Podía participar calquera comunidade?

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Si. Estaban as bases aprobadas. Creo que é unha cousa que gustou e é unha oportunidade porque a nós abarátanos o custe do mural e contribúese a mellorar a estética.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non sei nun futuro as expectativas de construción no solar do lado.

O Sr. Alcalde di. Non creo que Adolfo queira agora.

O Sr. Pérez Riola di: A min pedíronme agora un na fachada do tanatorio.

O Sr. Rubido Ramonde di: Na parte de atrás?

O Sr. Pérez Riola di: Exacto. Pedíronme un que fora a foto de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Unha cousa referente ao tema dos murais, o Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, da subvención da Deputación, un dos conceptos que van é subvencionar murais, entón o que queremos son 35.000 euros que hai para os sete concellos e facer un mural en cada concello que teña relación co propio concello e co Xeoparque. Nós pensamos no Pazo de Moscoso, na fachada do edificio que está enfrente, estivemos falando cos propietarios, para saber se lles encaixaría. Estamos falando de facer un mural do Xeoparque e comento a idea de facelo aí. Está pendente de chegar un pasamáns que é como o do concello neste lado, e no outro lado que está a muralla antiga, descubrir a parte da pedra para conservala ben. En contestación á pregunta de Luís, este ano queríamos sacar outra convocatoria para facer os murais nas fachadas. Foi unha convocatoria pública, non sei de que mes. Foi todo publicado coas bases, informes e demais e presentouse só esa. Este ano presentouse só esa pero igual o próximo ano.... A min xa me preguntaron e xa expliquei que non se dan así, que hai unha convocatoria.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero a parede que está aquí, non?

O Sr. Martínez López di: Non, a de enfrente.

O Sr. Alcalde di: A que está por detrás da familia de Xan.

O Sr. Rubido Ramonde di: Está recebada? Creo que non.

O Sr. Alcalde di: Non, hai que recibala e pintala.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ou case deixaría a pedra e poñería un motivo na mesma liña.

O Sr. Alcalde di: Pero non é pedra. Temos parte de pedra nun muro lateral, pero como hai unha traída houbo diferentes intervencións, pero pedra non é. Non te creas que temos moitas propiedades para facer un mural.

A Sra. Rodríguez Pérez di: No Palacete.

O Sr. Alcalde di: O Palacete está catalogado por Patrimonio, non sei se deixarían facer un mural.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:45 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ